

ROGO DE AER RELATIVO AO REGULAMENTO E ORDENANZAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA

PLENO 29 NOVIEMBRE 2018. ACTA 13/2018

“No pleno do 27 de xullo do 2017 aprobouse por unanimidade unha moción de AER co seguinte acordo: "Instar ao goberno municipal a que convoque as comisións correspondentes para a revisión dos regulamentos e ordenanzas fiscais do servizo de auga e saneamento.”

Imaxinamos que saben que nos referimos ao erro que xa se está a producir por culpa da redacción desta ordenanza e o seu correspondente regulamento. Estamos a falar da auga, onde existe agora mesmo un problema do que todos somos coñecedores e que esta agrupación consultou, demandou e incluso fixo público pola gravidade e os trastornos que está a provocar á veciñanza. Solicitamos no seu momento que se defina en formas, prazos, modelos normalizados, contacto e oficinas ás que dirixirse para poder realizar a xestión de baixa de todos estes servizos. Entendemos que deberíamos modificar o Regulamento da Auga para este punto, facendo constar o mesmo en consonancia coa ordenanza fiscal, e para rematar así cun problema que está a dar moitos trastornos á veciñanza e que é un dereito para eles e unha obriga para o Concello facilitarillo.

Saía a voceira do PP na prensa alegando que seis meses non era moito tempo para darse de baixa tal e como está a administración. Deixe de botarlle a culpa aos traballadores municipais, porque isto é unha empresa privada que xestiona un servizo do Concello, ao que vostedes teñen a obriga de esixirlle cumpran co seu cometido; e que noutros concellos como o de Vigo, onde este servizo tamén o xestiona Aqualia, a mesma empresa atende as solicitudes de baixa case de xeito instantáneo. Iso si, eles téñeno ben redactado e definido, non como no último regulamento da auga do 2014, onde esquecemos tódolos grupos definir un detalle tan importante e que agora nos está a crear un problema. Se ten vontade de arranxalo como tamén dixo en prensa, fágao. Tamén solicitamos no seu momento que esta solicitude de baixa para este servizo de auga se traslade á sede electrónica no seu correspondente apartado e que se defina en prazos, formas, documentación tipo, documentación a entregar, contacto e oficinas onde realizar ditos trámite.

Coñecendo que teñen intención de modificar a ordenanza fiscal de saneamento e abastecemento de auga por temas de Servizos Sociais por solicitude de AER, e pasado máis dun ano de aprobarse o acordo mencionado por unanimidade,

ROGAMOS:

convoquen a correspondente comisión para modificar o regulamento para así poder aprobar estas modificacións nos vindeiros plenos. ”

O Alcalde Javier Bas di, se analizará.